

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



O pavimento das beirarrúas das rúas República de El Salvador e Montero Ríos está a sufrir unha continua deterioración que causa incomodidades e prexuízos aos residentes e aos moitos viandantes que transitan por elas.

A situación faise especialmente preocupante nas zonas de acceso aos garaxes, con grandes lousas que se levantan ao paso de vehículos e transeúntes. Uns defectos que poden provocar caídas e lesións, cuxas repercusións e responsabilidades civís subsidiarias poden repercutir sobre as arcas municipais.

Para evitar estas molestias á cidadanía, futuros accidentes e posibles consecuencias para o patrimonio municipal, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte Rogo:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións pertinentes para proceder a un correcto asentamento das lousas soltas e a unha reparación integral dos danos que se aprecian no pavimento das beirarrúas nas rúas República de El Salvador e Montero Ríos.

Santiago de Compostela, a 25 de novembro de 2015.



Asdo.: Claudio Montiel Carracedo

Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela